Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia celebrará o Día do/a Biólogo/a 2025 este venres día 16 de maio (19:00 horas).

Serán recoñecidos os/as colexiados/as que levan 25 anos inscritos e tamén serán homenaxeados: Biólogo/a do ano, Empresas e Institucións do Ano e Membro de Honra

Santiago, 12 de maio de 2025.- O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrará o Día do/a Biólogo/a no Hotel Louxo La Toja (A Toxa – O Grove) o próximo venres 16 de maio. Será ocasión de encontro e de compartir experiencias e, especialmente, para recoñecer e agradecer o seu esforzo a aqueles colexiados e colexiadas que levan xa 25 anos no colexio. Este ano entregaranse tamén as seguintes distincións, mediante a convocatoria de propostas e votación aberta entre os seus colexiados/as:

- **Biólogo do ano: Doctor Luis Blanco Dávila**

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia outorga o premio **Biólogo do Ano** ao **Doutor Luis Blanco Dávila** en recoñecemento á súa extraordinaria traxectoria científica e ao seu papel protagonista no avance da bioloxía molecular, tanto no ámbito do coñecemento básico como na súa aplicación práctica. A súa contribución máis coñecida é o descubrimento e desenvolvemento da polimerasa Phi29, unha enzima fundamental para a amplificación masiva de ADN considerada a patente máis rendible da investigación pública española.

- **Empresa do Ano: Bonilla a la Vista**

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia outorga o premio **Empresa do Ano á firma coruñesa Bonilla a la Vista**, en recoñecemento á súa longa traxectoria empresarial, ao seu compromiso co produto local e coa excelencia na elaboración, así como á súa capacidade de proxección internacional sen perder as súas raíces no territorio galego. Se recoñece tamén o compromiso de Bonilla coa economía circular, a innovación sostible e o tecido produtivo galego, incorporando criterios de excelencia que dialogan cos valores que defende a bioloxía: o respecto polo medio, a trazabilidade dos produtos e a conexión entre ciencia, alimentación e sociedade.

Desde 1932
Bonilla a la vista
WWW.BONILLAALAVISTA.COM

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

- **Institución do Ano (gran): ex aequo ás Facultades de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e da Universidade de Vigo (UVigo) e Facultade de Ciencias da Universidad da Coruña (UDC)**

Facultade de Ciencias UNIVERSIDADE DA CORUÑA — USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA — Facultade de Bioloxía Universidade Vigo

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia concede o premio *Institución do Ano* **ex aequo ás Facultades de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e da Universidade de Vigo (UVigo), así como á Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña (UDC),** en recoñecemento ao seu papel fundamental na formación, promoción e consolidación da profesión de biólogo/a en Galicia e pola súa traxectoria continuada de apoio institucional, académico e científico ao Colexio e ao conxunto da comunidade profesional.

- **PEME do ano: Laboratorio Pintor C.B.**

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia outorga o premio *PEME do Ano* ao **Laboratorio Pintor C.B.**, en recoñecemento ao seu compromiso coa excelencia profesional, á súa traxectoria sostida durante máis de 25 anos e á súa capacidade de adaptación e innovación no ámbito das análises clínicas, todo isto baixo a dirección dunha Doutora en Bioloxía.

laboratorio PINTOR ANALISIS CLINICOS

- **Institución do Ano (pequena): Grupo Naturalista Hábitat**

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia outorga o premio *Institución do Ano (pequena)* ao **Grupo Naturalista Hábitat**, en recoñecemento á súa traxectoria exemplar na defensa, estudo e divulgación do patrimonio natural galego.

Grupo Naturalista Hábitat

- **Membro de Honra: D. Ramón Núñez Centella**

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia na súa Xunta Xeral de 30 de abril, e a proposta da súa Xunta de Goberno, segundo o artigo 14 dos seus estatutos, ten a honra de nomear como **Membro de Honra** a **D. Ramón Núñez Centella**, en recoñecemento aos seus destacados méritos científicos, técnicos e profesionais no ámbito da divulgación das ciencias, e en particular da bioloxía, ao longo de máis de cinco décadas de traxectoria.

Contacto: Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Móbil 682546054 (Pablo Fernandes, xerente)